

Obradoiro de Creación Literaria no CEIP de TENORIO (Cotobade-Pontevedra)

O proxecto de obradoiro estaba pensado para un grupo de vinte alumnos e alumnas de terceiro ciclo de primaria aínda que á final se realizou cun grupo de trinta e cinco pola dificultade das dúas profesoras que o coordinaron para facer unha selección do alumnado participante. Non foi un problema dada a boa colaboración do profesorado do centro e a máis que boa actitude do alumnado participante.

Tivo unha duración de dez horas e desenvolveuse, a proposta do Centro en cinco sesións de dúas horas cada unha nos días 8, 15, 20, 22 e 27 do pasado mes de maio de 2008.

Os contidos do obradoiro desenvolvéronse do xeito seguinte:

POESÍA: Os días 8, 15 e parte do 20 estiveron dedicados á poesía. Comezamos cunha lectura en voz alta por parte dos alumnos e alumnas participantes de diversos poemas da nosa tradición literaria, dende clásicos até contemporáneos, co dobre obxectivo de que os rapaces e as rapazas participantes puidesen coñecer a longa tradición poética da nosa literatura.

Fixemos un comentario en voz alta dos poemas lidos e logo unha pequena explicación teórica acerca das figuras literarias.

De seguido traballamos nun “pequeno obradoiro de metáforas” das que saíron varios poemas elaborados en grupo.

Para rematar o alumnado creou os seus propios poemas.

Fíxose unha lectura en voz alta seguida dun comentario dos poemas elaborados polo alumnado.

NARRATIVA: Dedicáronse á narrativa un total de cinco horas repartidas entre os días 27, 28 e 29. Do mesmo xeito que xa se fixera coa poesía comezamos esta segunda parte do obradoiro coa lectura en voz alta de diferentes textos breves da nosa tradición literaria e de textos propios do coordinador do obradoiro, para poder ir analizando a traveso deles as principais características dun texto de carácter narrativo: voz narradora, descrición de ambientes, uso do diálogo, caracterización de personaxes...

Os días 20, 22 e 27, ao longo das cinco horas restantes, o coordinador, mediante un obradoiro de descrições e outro de narracións, estimulou os rapaces e rapazas a escribiren os seus propios textos narrativos, que tamén se leron e comentaron en voz alta.